

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe da Área de Servizos o 15 de xullo de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto á aplicar aos prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Anexo III do PPTP	Porcentaxe de desconto á aplicar ós prezos unitarios dos servizos asociados detallados no Anexo III ao PPTP	Incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en seguridade e eficiencia enerxética esixidos na cláusula 6.4 do PPTP			
				ES C1	EEE C1	EEE C2	EEE C3
1	CONTITRADE ESPAÑA, S.A.	30 %	30 %	NON	SI	SI	SI
2	NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.	34 %	39 %	SI	SI	SI	SI
3	RODI GALICIA, S.L.	22 %	26 %	NON	NON	NON	NON

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



ÁREA DE
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

[https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/
actasmesacontratacion.jsp?lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo
16269-445

Data impresión: 18/07/2024 14:28 Páxina 2 de 2
CSV: A7A652-2FA4DF-E3A4A4-VUTC2Q-LKRKRD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>